

MULLERES NA HISTORIA DAS MATEMÁTICAS

Grace Murray Hooper (1906-1992)

Naceu en 1906. Graduouse en Vassar College con graos en matemáticas e física. Completou a súa mestría e doutorado en matemáticas en Yale. Mentres estudaba casou con Vicent Hooper e divorciáronse en 1945. Durante a segunda guerra mundial uniuse á "Navy" onde traballou no "Bureau of Ordenance Computation". Traballou na



primeira computadora de automática secuencial dixital a gran escala. No 1960 mostrou por primeira vez a súa versión do COBOL en dúas computadoras. Déuselle o premio "home do ano nas ciencias de cómputos" pola Data Processing Management Association. Foi a primeira muller nomeada Distinguished Fellow of the British Computer Society, e

ademais, é a única muller almirante na U.S.Navy ata hoxe.

*Foto de : Nacional Women's History Project / Unisys Corporation
Cristina Vizcaíno (S4A).



*Nota escrita por Grace Murray Hooper.


MATEMÁTICOS GALEGOS

Juan López Soler (1871-1954)

Juan López Soler nace en Ferrol o día 16 de marzo de 1871. Fillo de D. Juan López Lázaro, e de D^a Carmen Soler de Díaz Noriega.

Presidente da Real Sociedade Matemática Española (R.S.M.E.) dende o 2 de febreiro de 1935 ata o 18 de xullo de 1936 e dende o 23 de maio de 1939 ata o 10 de novembro de 1954. Foi membro activo de moitas e variadas sociedades científicas civís, onde ademais de ser socio tamén foi conferenciante e membro das correspondentes Xuntas Directivas nalgunhas o c a s i ó n s .

No ano 1922, o Ministerio de Instrución Pública noméao Vocal da Comisión Nacional de Xeodesia e Xeofísica, e posteriormente tamén foi nomeado vocal da Comisión Nacional de Xeografía e da Xunta de Bibliografía e



Tecnoloxía Científica. Ademais foi membro da Xunta de Investigacións Históricas e Bibliográficas, nomeado pola Real Academia das Ciencias. Foi Académico da Real Academia Galega, e membro correspondente do Instituto de Coimbra, e da Sociedade Xeográfica de Lisboa.

Na Sociedade Española de Antropoloxía, Etnografía e Prehistoria, participou coa súa conferencia sobre os hórreos galegos da Coruña a Santa Marta de Ortigueira, posteriormente ampliada para ser publicada polo Museo Antropolóxico Nacional na Memoria XXXXV.

Na Real Sociedade Xeográfica Nacional, impartiu algunhas conferencias; de entre as que temos constancia, cabe mencionar: a dada o 9 de xuño de 1.919, titulada "Os Pireneos Centrais", a do 9 de

febreiro de 1.920 titulada "A Illa de Tenerife, historia e xeografía", a do 14 de maio de 1.924 titulada "Un viaxe intersideral", e a do 16 de maio de 1932 titulada "Representación de Galicia e os seus Alfoces na Cartografía".

A obra de Juan López Soler na Sociedade Matemática Española foi un labor moi importante, pois soubo levar as rendas en épocas de grandes cambios políticos.

Destaca no seu labor como matemático a confección das "escalas gráficas" presentadas nos Congresos da Asociación para o Progreso das Ciencias, o que foi tamén premiado nos ámbitos científicos e militares, e que, sen dúbida, xunto coas publicacións dos anos 1917 e 1918, neste campo, foron as precursoras das utilizadas e famosas regras de cálculo, que resultaban imprescindibles para realizar laboriosos cálculos numéricos, e que dende a aparición das calculadoras deixaron de usarse.

Cristina Vizcaíno (S4A).